

ANUNCIO

Faise público que con data 04.07.2024 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 911/2024 cuxo texto íntegro se cita a continuación:

“Asunto: NOMEAMENTO DE MARÍA BELÉN SOUTO CALVETE COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL E APROBACIÓN DE LISTA COMPLEMENTARIA E BOLSA DE EMPREGO

Expedientes: 2022/E001/000020; 2022/E001/000035; 2023/G003/000394; 2023/G003/001207; 2024/G003/000908

O 25.06.2024 publicouse o anuncio do tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo dunha praza de axente de emprego e desenvolvemento local incluída na OEP do 2021 do Concello de Fene, praza incluída no proceso extraordinario de estabilización prevista na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público, nomeado por Resolución da alcaldía 1143/2023 do 27 de outubro na súa sesión do 24.06.2024 procedeu á realización do sorteo previsto na cláusula 11.2 das bases xerais para dirimir os empates nas puntuacións definitivas. Do resultado do sorteo o tribunal acordou:

“(…)

SEGUNDO.- Aprobar a seguinte relación de persoas que superaron o proceso selectivo para o seu nomeamento polo alcaldía como persoal laboral fixo, aplicando o criterio de desempate previsto na cláusula 11.2 das bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización, á vista da maior puntuación obtida no apartado a) do mérito “experiencia profesional”:

Apelidos e nome	Puntuación
SOUTO CALVETE, María Belén	100,00

TERCEIRO.- Aprobar a seguinte lista complementaria e bolsa de emprego previstas na cláusula 12.1.3 das bases xerais e no apartado 3 da cláusula segunda das bases específicas do proceso:

Apelidos e nome	Puntuación
RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, María Ángeles	100
ÁLVAREZ SALGADO, María Elvira	90.80
CARBALLO CASTRO, Sergio	64.15
PEREDA SALGADO, Diana María	51.25
REGUEIRO PÉREZ, María Dolores	48.30
GÓMEZ CARBALLAL, Diego	47.95
DE LA PEÑA RODRÍGUEZ, María de la Paz	45.40
FERNÁNDEZ FELIZ, Elisa	40
CALVO TORQUEMADA, Eva María	40
REJES CANOURA, Isabel	40
LEMA GONZÁLEZ, Alba	0
MONTERO GÓMEZ, Ana María	0

-No prazo de 20 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio destes acordos as persoas aspirantes que teñan superado o proceso selectivo e sido propostas para a súa selección e nomeamento/contratación, deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello (presencialmente ou a través da Sede e Rexistro Electrónicos), ou mediante calquera das restantes formas establecidas no art. 16.4 LPACAP a documentación prevista na cláusula 12.1.4 das bases xerais reguladoras do proceso.

No mesmo prazo deberán comunicar de que destinos, dos ofertados, solicitan a adxudicación e, no caso de que sexan varios os solicitados, deberán indicar a súa orde de preferencia.”

A antedita documentación foi presentada por María Belén Souto Calvete (RX 2615) o día 26.06.2024.

Á vista do que antecede e de conformidade coas bases reguladoras do proceso selectivo, **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Nomear a María Belén Souto Calvete persoal laboral fixo do Concello de Fene, categoría axente de emprego e desenvolvemento local, adxudicándolle de forma definitiva o posto 08.00.00.01 vixente.

A incorporación como persoal laboral fixo e adscrición ao posto será eficaz coa formalización do contrato laboral, que deberá producirse no prazo máximo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación desta Resolución no BOP.

De non cumprir co prazo e forma indicados, sen existir causa xustificada (casos de forza maior, debidamente motivados, que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía), entenderase que existe renuncia dos dereitos inherentes, quedando este nomeamento sen efecto.

SEGUNDO.- Aprobar a seguinte lista complementaria e bolsa de emprego prevista na cláusula 12.13 das bases xerais:

Apelidos e nome	Puntuación
RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, María Ángeles	100
ÁLVAREZ SALGADO, María Elvira	90.80
CARBALLO CASTRO, Sergio	64.15
PEREDA SALGADO, Diana María	51.25
REGUEIRO PÉREZ, María Dolores	48.30
GÓMEZ CARBALLAL, Diego	47.95
DE LA PEÑA RODRÍGUEZ, María de la Paz	45.40
FERNÁNDEZ FELIZ, Elisa	40
CALVO TORQUEMADA, Eva María	40
REJES CANOURA, Isabel	40
LEMA GONZÁLEZ, Alba	0
MONTERO GÓMEZ, Ana María	0

TERCEIRO.- Publicar esta Resolución de nomeamento no BOP, DOG, taboleiro de anuncios e web municipal.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

En Fene, asinado dixitalmente o 08.07.2024 polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

C-0
096
150
P-
F:
C.I.